



Marcas e sinais sendeiristas no percorrido



Sinal de continuidade, que indica o camiño correcto.



Dirección trabucada. Indica que o camiño non se debe coller.



Cambio de dirección. Indica un xiro á dereita ou á esquerda no sentido da marcha.



Sinal nunha derivación, é dicir un camiño de ida e volta dende a ruta principal.



Baliza, que permite identificar o tipo e o número do sendeiro.



A ruta pola beira do mar ofrece un dos espazos mellor conservados e máis espectaculares da península do Grove.

En certa medida, o seu illamento fai del un lugar de praias pouco frecuentadas, dunha paisaxe pouco agredida e dunha beleza natural digna de coñecer.

O carreiro lineal, cun pequeno bucle nun dos seus extremos, transcorre por diferentes sendas e camiños de carro históricos. Nalgúns deles aínda é posible ver a marca do tempo e do traballo dos homes e animais nas gravadas rodeiras impresas nas pedras do chan.

Este espazo, rico en fauna e vexetación costeira, participa no proxecto europeo Rede Natura 2000.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO



Proxectos subvencionados ao abeiro das axudas de apoio e accións na Rede Natura 2000




PR-G 116
Adro Vello
Lembranzas da Historia
Ruta homologada en 2009



Ruta sinalizada



1 mapa do percorrido
escala 1:8700





O lavadoiro de Castiñeira

Lavar ben a roupa era unha arte, ademais dun traballo delicado e laborioso. A roupa metíase peza a peza no lavadoiro. Empapábase, enxaboábase e fregábanse as manchas difíciles.

Despois de enxaboada, a roupa amoreábase no lavadoiro para que fose amolecendo. Peza por peza, mergullábase na auga e zapateábase contra o lavadoiro para deixala limpa e aclarada. Lavar a roupa branca era máis laborioso. Enxaboada e sen torcer, botábase ao clareo.

Estendíase ao sol sobre o campo de herba e a luz eliminaba as manchas máis difíciles, recuperando a súa brancura. Aclarada e reluciente, quedaba a tender nos toxos dos arredores.

A existencia do manancial que alimenta este lavadoiro era coñecida dende sempre polos mariñeiros que subían dende a praia para coller auga fresca que brotaba do chan. Os veciños construíron o lavadoiro de Castiñeira a mediados do século XX.

MIDE		PR-G 115 Ruta de Con Negro Arte ao Natural Concello do Grove	
Horario:	1 h 15 min.	Severidade do medio natural	1
Desnivel de subida:	90 m.	Orientación no itinerario	2
Desnivel de baixada:	73 m.	Dificultade no desprazamento	2
Distancia horizontal:	3,8 Km.	Cantidade de esforzo necesario	1
Tipo de percorrido:	lineal	PR-G 116 Distancia da ruta principal: 3.250 m Lonxitude da variante: 550 m Mapas IGN 1:25.000: 184-II	
Paso obrigado preto do mar:			
Atención nenos.			
Condicións de verán:			
Tempo estimado segundo criterios MIDE, sen paradas.			

Máis información: www.euromide.info

Concello do Grove:

Telf.: 986 730 975
www.turismogrove.com
www.concellodogrove.com

Emerxencias:

Tel.: **112 SOS** - Galicia

Pódese descargar gratuitamente o percorrido desta ruta para GPS na páxina
 web: www.segatur.com